



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. Constitúese o feito imponible do imposto a realización, dentro do término municipal, de calquera construción, instalación u obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenzia de obra urbanística, obtivérase ou non dita licenzia, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións u obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra. Aos efectos do anteriormente decrito, terá a consideración de dono da construción, obra ou instalación quen so porte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Artigo 3º.- Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación u obra.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.

3. O tipo de gravamen será o 2,4 por 100 para as construcións, instalacións e obras de nova pranta, e o 2 por 100 para o resto.

4. O imposto devengase no momento de iniciarse a construción, instalación u obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenzia.

Artigo 4º.- Xestión.

1. Cando se conceda a licenzia preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente; no outro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2. Á vista das construcións, instalacións u obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá

modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire no apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo o reintegrándole, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3. O Concello poderá establecer o pagamento do imposto en réxime de autoliquidación.

Artigo 5º.- Inspección e recadación.

A inspección e recaudación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6º.- Infraccións e sancións.

En tódolo relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réximen regulado na Lei Xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.